

# OFTEFOR, C.B.



**“Percibimos unha demanda insatisfeita e decidimos que podíamos ocuparnos dese nicho de mercado”**

*Wenceslao Vidal Eiras*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Oficina técnica de proxectos forestais e medio ambientais
<b>Sector de actividade</b>	Actividades de construción e reforma
<b>Nº empregados</b>	2
<b>Inversión inicial</b>	4.810 €
<b>Financiamento inicial:</b>	O investimento inicial foi financiado integramente con fondos propios.
<b>Web:</b>	
<b>Municipio:</b>	Vilagarcía de Arousa, <b>Ano creación:</b> 2002
	Pontevedra

## Descrición do proxecto

Trátase dunha oficina técnica na que levamos a cabo proxectos relacionados co medio ambiente, en especial proxectos forestais. Tamén desenvolvemos todo tipo de traballos topográficos destinados a empresas construtoras, arquitectos, etc.



## Datos empresa

### Claves do éxito

- A falta de profesionais na zona que se dediquen a prestar estes servizos.
- A elevada demanda deste servizo por parte dos profesionais do sector da construción, sobre todo.
- A calidade e a profesionalidade no traballo.

### Situación actual

Na actualidade traballamos os dous socios e conseguimos un volume de traballo importante para o pouco tempo que levamos no mercado. Ademais tentamos ampliar a nosa carteira de clientes a través de actividade comercial e dunha serie de campañas publicitarias.

### Perfil cliente

Traballamos para diferentes perfís de cliente obxectivo:

- Arquitectos, construtores e outros profesionais do sector da construción.
- Comunidades de montes, madeireiras e calquera profesional ou persoa vinculada ao mundo forestal.
- Empresas vinculadas ao sector do medio ambiente.



## Idea inicial

A idea xurde a partir da existencia dun oco no mercado que non estaba aínda cuberto na bisbarra na que nos asentamos. Percibimos esa demanda insatisfeita e decidimos que podíamos ocuparnos dese nicho de mercado.

## Principales dificultades y amenazas futuras

- Falta de capital para facer fronte ao investimento inicial.
- Dificultade para darnos a coñecer ante posibles clientes.
- Descoñecemento dos trámites burocráticos para crear unha empresa.

## Perfil promotores

Wenceslao Vidal é enxeñeiro técnico forestal. A súa formación complementábase cun máster de especialización en industria da madeira e diversos cursos de temática ambiental.

En canto a experiencia profesional traballou como encargado de produción nunha fábrica de portas.

A empresa conta con outro socio máis.

Con menos de trinta anos crean a súa propia oficina técnica de proxectos forestais e relacionados co medio ambiente.

## Aptitudes necesarias

En canto a aptitudes persoais, consideramos que resultan fundamentais para emprender con éxito a constancia, a capacidade de traballo, a capacidade de asumir riscos, o saber sacrificarse cando é necesario e o optimismo.



## Guía de Actividad

**Consultoría de estudios xeotécnicos** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta**  
**Dirixir persoas e organizacións**

**A independencia que proporciona**

## Formación

### **¿Recibiú información específica sobre a creación de empresas?**

Algunhas materias ao longo da carreira universitaria (organización de empresas, contabilidade, etc.). Ademais fixemos un curso de xestión empresarial do IGAPE.

### **¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Si, sobre todo para coñecer os pasos que hai que dar para desenvolver un proxecto empresarial.

## Anecdotalio

Non dispoñible

